



Nota de prensa

Compromiso a prol dunha alimentación saudable e sustentable

EROSKI INCORPORA O CERTIFICADO DE BIENESTAR ANIMAL AO 100 % DAS SÚAS CARNES BRANCAS DE MARCA PROPIA

- A carne de pavo e coello únense á de polo, porco e ternasco de Aragón EROSKI Natur
- EROSKI comprométese a utilizar unicamente ovos de galiñas ceibas nas elaboracións dos seus produtos de marca propia a partir do 2025
- A certificación de benestar animal Welfair™ garante unha boa alimentación, aloxamento, saúde e un comportamento natural dos animais
- O compromiso coa sustentabilidade dun sector agroalimentario local diversificado é un eixe estratéxico para EROSKI

Elorrio (Biscaia), 21 de outubro do 2021.- [EROSKI](#) avanza na súa aposta por unha alimentación máis ética e sustentable coa incorporación do certificado de benestar animal ao 100% das súas carnes brancas de marca propia. As últimas incorporacións foron o pavo, o coello e o 100% do polo, que se unen á carne de porco EROSKI Natur e ao Ternasco de Aragón EROSKI Natur.

O [selo Welfair™](#) promove o benestar animal avaliando sobre a base de estritos estándares en principios de Animal Welfare, como a alimentación, o aloxamento, a saúde e o comportamento natural. A certificación comporta a inspección e supervisión periódica das granxas e dos matadoiros e examinadores formados en protocolos europeos de benestar animal realizan auditorias anuais. Esta formación e seguimento lévase a cabo dende o IRTA ([Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias](#)) e o centro tecnolóxico [Neiker](#).

“O benestar animal é un relevante eixe de traballo nos pregos de condicións que lles requirimos aos nosos provedores para os produtos de orixe animal, en especial para aqueles das nosas marcas propias. En EROSKI esforzámonos en lle ofrecer ao consumidor alternativas que lle permitan practicar unha alimentación equilibrada e responsable, e coas novas incorporacións ofrecémoslle unha ampla variedade de alimentos con este selo”, explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

A promoción dunha alimentación saudable atópase entre os seus [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#). Unha misión na que a carne branca actúa como grande aliada. “Son carnes que proporcionan unha gran cantidade de proteínas de alta

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



calidade e baixa porcentaxe de graxas. Permiten, ademais, moitas posibilidades culinarias, algo especialmente indicado para a alimentación infantil”, detalla Martínez Berriochoa.

Ovos de galiñas ceibas no 2025

Ademais, EROSKI fai público o seu compromiso de non utilizar ovos de galiñas engaioladas como ingrediente nas elaboracións dos seus produtos de marca propia a partir do ano 2025.

Este novo compromiso súmase ao de comercializar no 2024 unicamente ovo fresco de galiñas en liberdade, que non se críen en gaiolas ou sistemas combinados. Actualmente, o 57% do volume de ovos que vende xa provén de galiñas no chan, campeiras ou ecolóxicas, e alcanzou xa o 100% nalgunha rexión como Cataluña.

Ampla oferta certificada con Benestar Animal

A comezos deste ano EROSKI incorporou o selo de benestar animal ao seu leite local do País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares. No 2020 os primeiros produtos en incorporaren esta certificación foron o polo, o porco e o ternasco de Aragón EROSKI Natur. Outro dos fitos do pasado ano foi o lanzamento do polo campeiro EROSKI Natur.

Ademais, estase incorporando o selo Welfair nos ovos frescos que comercializa, e xa están certificados todos os ovos de galiñas de chan EROSKI e algunhas referencias locais de ovos campeiros EROSKI Natur. EROSKI incorporou tamén o ano pasado ovos ecolóxicos baixo a súa marca EROSKI Natur Bio.

Por outra banda, EROSKI dispón tamén da certificación GlobalG.A.P. de acuicultura no peixe de crianza EROSKI Natur, que contén uns requisitos específicos e esixentes no que atinxe ao benestar animal dos peixes durante a súa cría e mais durante o seu transporte e sacrificio.

Respecto polo medio natural

EROSKI está fortemente comprometida co respecto ao medio natural e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade no contorno no que opera. A comercialización de produtos máis sustentables, o ecodeseño de envases e embalaxes, o uso sostible dos recursos, a redución da súa pegada ambiental, a xestión de residuos seguindo un modelo de economía circular, a preservación da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus *Compromisos en Saúde e Sustentabilidade*.

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)